Manuel Rodríguez López
Hortal 54
Barcelona-16

Barcelona 21-12-68

Sr. Dn. Ramón Otero Pedrayo
Orense

Moi apreciado Dn. Ramón:

Con grande ledicia recibín a sua cartiña tan garimosa. Verdadeiramente non pode darse idea do moito que lle agradecín as suas verbas que dan folgos i enchen o espírito

Desexolle de corazón que poida visitar coma sempre Trasalba e que supere a bronquitis. O inverno é duro e hai que abrigarse ben. Axiña virá a primaveira, o seu mes, o maio florido, con novas forzas, e o bontempo. E Dn. Ramón poide disfroitar da natureza en toda a plenitude na sua Trasalba. Animo, Dn. Ramón! Un día distes vin no "Centro Gallego" na LA REGION unha foto da conferencia de Victoria Armesto e Vde na presidencia. Tamén o

F. PENZOL

Vimos o miércoles na T.V. no programa encol de Oure-
se. Está Vde. moi forte. Non me estraña que teña
tanto traballo. Galicia halle agradecer os seus esfor-
zos por darlle unha cantidade e calidade tan grande
de sabencia. Lerei, coma os demáis libros que teño
de Vde., con pracer, o seu estudo do XVIII galego. Vde.
non cré que sería moi fermoso tamén que todos poidera-
mos ler as memorias de Dn. Ramón? Algo así como
"Polos vieiros da saudade" pero mais extenso. Na nosa
literatura non temos nada dise tema. Coido que sería
do agrado de todos e cánto, cánto nos podería contar!

Referente ó prólogo da miña peza teatral non
creio que ninguén poida superar a Dn. Ramón. É Vde. moi
humilde. Sei que hai xente nova con grandes pulos. E
séi mais ainda. Sei que Vde. É o mestre i o espello des-
forza que camiña ollándose no espello dos nosos grandes
literatos galegos.

Referente á misa galega - estudéi 6 anos pra crego -
teño unhas grandes arelas de asistir a Misa galega. A igrexia
pode facer moito pola nosa fala. Algo deso poderá leelo Vde. no
"Destino" do 28/12 que pubrica unhas declaracións miñas e fala do meu
libro. Hoxe pubrica "O catecismo do Labrego"

Mais nada Dn. Ramón. Perdoe ista longa perda de
tempo. Moi agradecido queda de Vde. s.s.s. Manuel Rodrígu

F. PENZOL